

NOVAS / INICIATIVAS

A web Galicia Encantada celebra o 14º aniversario na Rede este 5 de marzo

Galicia Encantada, a web da Fantasía Popular de Galicia, celebra o 14º aniversario na Rede este 5 de marzo de 2019.

Galicia Encantada, a web da Fantasía Popular de Galicia, naceu para internet o 5 de marzo de 2005. Desde entón, baixo o coidado do seu creador, coordinador e responsable de contidos, Antonio Reigosa, atesoura máis de 2000 arquivos/documentos que se foron subindo e milleiros tamén os visitantes que recibe ano tras ano.

Mantense a regularidade na incorporación de novidades.

Recoñecementos/Premios

Premio de Cultura Tradicional 'María Castaña' (2006)

Premio Irmandade do Libro (2013)

Homenaxe Festival Atlántica (2015)

Finalista na Gala do Libro (2018), modalidade Proxecto Literario na Rede.

Publicación conmemorativa 10ª aniversario

Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías (Xerais, 2014), con prólogo de Xabier DoCampo e ilustracións de Noemí López.

Sobre a web Galicia Encantada

Artigos publicados en revistas como *Murguía* e *Culturas Populares*, e en monográficos como *Palabra viva*, *Cultura tradicional e desenvolvemento rural*.

Seccións/categorías

Os arquivos orgánizanse en 33 seccións ou categorías temáticas que van alfabeticaqmente desde o Alén, coas súas lendas, pasando polas relacionadas con todos os seres da nosa mitoloxía popular (encantos, tesouros…) e os lugares e toponimia asociada á literatura popular tradicional.

Documentación

Inclúe, entre outros apartados, "Aulas da memoria" con traballos escolares, "Biblioteca", con varias publicacións en PDF, e "Didáctica da Fantasía" con diversas propostas.

Outras sección:

Novas, Contacto, Buscador, Mapa (localizador de lugares con lenda).

Revista (ISSN 1887-2859)

Publicados 115 artigos do maís variados temas, a maioría sobre o patrimonio inmaterial galego pero tamén referidos a Portugal, león e Asturias.

Iconografía

As ilustracións, tanto a imaxe de cabeceira como as que encabezan as diferentes sección ou categorías son da autoría da ilustradora lucense Noemí López.

Estadísticas: Google Analytics ano 2018

Páxinas vistas: 341.759, con 4,87 páxinas por sesión e 3:43 minutos de media.

Visitas desde máis de 100 países e 319 localidades españolas, sendo A Coruña a primeira e Madrid a segunda en número de visitas.

71% de visitas dende Google, 18% directo, 7% redes sociales e 4% dende outras webs.

Contidos: Entradas diferentes: 2.109 (lendas, artigos, reseñas, etc.)

Visitas a contidos concretos dende o inicio do rexistro: 5.328.314 visitas.

Top 5 categorías (por número de entradas)

577 Xeografía Mítica

559 Ritos, obxectos e operacións Máxicas

464 Seres míticos

452 Festas e mitoloxía relixiosa

250 Augas

Mantemento Técnico: Manuel Fernández Prado, de Lugonet.

Un afectuoso saúdo

Antonio Reigosa